

PORO I: ECONOMÍAS ANECONÓMICAS

O seguinte texto será obxecto de discusión ao final da sesión do mércores 30/01/2013. Recomendamos unha lectura previa para favorecer o debate.

Jean Baudrillard (1973), *El espejo de la producción*. Barcelona, Gedisa 2000, páxs. 39-45:

Marx e o xeroglífico do valor:

Julia Kristeva escribe en “Séméiotikè” [...]: “Dende o punto de vista da distribución e o consumo social (da comunicación), o traballo é sempre un valor, de uso ou de cambio... Devandito traballo é mensurábel a través do valor que el constitúe e de ningún outro xeito: o valor mídese pola cantidade de tempo social necesario para a produción. Pero – e Marx esboza claramente esta posibilidade- é pensable *outro espazo onde o traballo podería ser aprehendido fóra do valor*, é dicir, máis acó da mercadoría producida e posta en circulación [40] na cadea comunicativa. Alí, nesa escena onde o traballo non representa aínda valor algún, onde aínda non quere dicir nada e por tanto non ten sentido, nesa escena trataríase dun *corpo* e un *gasto*...”

Marx: “Os valores de uso, é dicir, os corpos das mercadorías, son combinacións de dous elementos, materia e traballo... Por conseguinte, o traballo non é a única fonte dos valores de uso que produce, da riqueza material. El é o seu *pai*, e a terra a súa *nai*.” “A fin de contas, toda actividade produtiva, con abstracción do seu carácter útil, é un gasto de forza humana.” (*O capital*, Pléiade, II, pp. 570-571.)

Existe realmente en Marx unha concepción de traballo diferente da de produción para fins útiles? (definición canónica do traballo como valor dentro do marco da economía política e definición antropolóxica como finalidade humana). Se á Kristeva lle complace que Marx tivera unha visión radicalmente distinta, centrada no corpo, o gasto, o xogo, o antivalor, a non utilidade, a non finalidade etc., se fixo que Marx lese a Bataille *avant a lettre*, é cousa dela; pero se o fixo foi para esquecer de inmediato as súas lecturas, porque se algo hai que Marx non pensou, é o gasto, a perda, o sacrificio, a prodigalidade, o xogo, o simbólico. Marx pensou a *producción* (o que non está mal), e pensouna en termos de valor.

Nada sae disto: o traballo marxista defínese neste marco absoluto dunha necesidade natural e da súa superación dialéctica, como actividade racional produtora de valor. A riqueza social que produce é *material*, non ten nada que ver coa riqueza [41] *simbólica* que resulta, á inversa, da destrución, da deconstrución do valor, a transgresión ou o gasto, e que se burla da necesidade natural. Estas dúas nocións de riqueza son inconciliábeis, e talvez até é posíbel que se exclúan unha á outra: é inútil ensaiar acrobáticas transferencias. A “economía do sacrificio” segundo Bataille, ou o intercambio simbólico, son excluínates da economía política (e da súa crítica, da que non é máis que a súa forma acabada).

Ora ben, é xusto devolver á economía política o que lle pertence: o concepto de traballo élle consustancial; por esta razón non pode ser revertido a ningún outro campo de análise, e menos aínda volver ser o obxecto dunha ciencia que pretendería ser a superación da economía política. “Traballo do signo”, “espazo produtivo intertextual” etc., son, pois, metáforas ambiguas; entre valor e non-valor é preciso elixir. O traballo

corresponde definitivamente á esfera do valor e por esta razón debe ser sometido, en Marx (así como os conceptos de produción, forza produtiva, etc.) a unha crítica radical, como concepto *ideolóxico*. Non é oportuno, en consecuencia, xeneralizalo a outras partes, con todas as súas ambigüidades, como concepto *revolucionario*. [...]

[42] O “gasto” de forza humana do que fala Marx non é un gasto a pura perda, no sentido de Bataille, un gasto simbólico (pulsional, libidinal); é un gasto económico, produtor, finalizado polo que procrea, precisamente, no seu axuste con esa outra forza produtiva chamada terra (ou materia). É un gasto útil, un investimento, e en absoluto unha volatilización gratuíta e festiva das forzas do corpo, un xogo coa morte, o acto dun desexo. [...] O que o home dá do seu corpo no traballo nunca é dado nin está perdido, nin é devolto pola natureza a modo de reciprocidade: só apunta a facer que a natureza “renda”. Neste sentido o gasto é *ab initio* un investimento de valor, unha *posta en valor* que se opón a toda *posta en xogo* simbólica, xa sexa do don ou do gasto. [...]

[45] Se queremos reformular un proceso que nos somete ao destino da economía política e ao terrorismo do valor, se queremos volver pensar o gasto e o intercambio simbólico, entón os conceptos de produción e traballo descubertos por Marx (non falemos da economía clásica) deben ser resoltos e analizados como conceptos ideolóxicos solidarios do sistema xeral do valor. E se queremos atopar un máis aló do valor (e esta é a única perspectiva revolucionaria), entón é preciso facer cachizas o *espello da produción*, espello no que vén reflectirse toda a metafísica occidental.